

CES
COOPERATIVISMO E ECONOMÍA SOCIAL
Núm. 40 (2017-2018), páxs. 397-402
ISSN: 1130-2682

ANOTACIÓN Á LEI 5/2017, DE 19 DE OUTUBRO,
DE FOMENTO DA IMPLANTACIÓN DE
INICIATIVAS EMPRESARIAIS EN GALICIA

*ANOTATION TO LAW 5/2017, OF 19 OCTOBER,
OF PROMOTION OF THE IMPLEMENTATION
OF BUSINESS INITIATIVES IN GALICIA*

FRANCISCO JOSÉ TORRES PÉREZ*

* Profesor Titular interino de Derecho mercantil, Universidade de Vigo. Dirección de correo electrónico: ftorres@uvigo.es

RESUMEN

A Lei 5/2017 de implantación de iniciativas empresarias de Galicia, contempla unha serie de medidas tendentes a mellora do desenvolvemento económico da Comunidade Autónoma de Galicia. Como complemento de medidas específicas no ámbito administrativo orientadas a unha axilización na concesión nas autorizacións ambientais e da xestión do chan industrial, tal Lei contempla modificacións na Lei 5/1998 de Cooperativas de Galicia, permitindo a constitución de cooperativas con dúas persoas socias e contemplando unha reestruturación do Rexistro de cooperativas de Galicia.

PALABRAS CHAVE: iniciativas empresariais, autorizacións ambientais, número persoas socias nas cooperativas, Rexistro de cooperativas

ABSTRACT

The Law 5/2017 on the implementation of business initiatives in Galicia contemplates a series of measures to improve the economic development of the Autonomous Community of Galicia. As a complement to specific measures in the administrative field to facilitate the environmental authorizations granting and the management of industrial land, this Law contemplates changes in Law 5/1998 of Cooperatives of Galicia, which allow the establishment of cooperatives with two people and contemplate a restructuring of the Register of cooperatives of Galicia.

KEY WORDS: business initiatives, environmental authorizations, number of people in the cooperatives, Register of cooperatives.

I

O 10 de novembro de 2017 publicouse no BOE a Lei 5/2017, de 19 de outubro, de fomento da implantación de iniciativas empresariais en Galicia. Tal norma fora publicada no DOGA de 25 de outubro de 2017, entrando en vigor consonte a súa Disposición final decimosexta o 26 de outubro de tal ano.

Como se puntualiza na súa Exposición de Motivos, trátase dunha norma promulgada o abeiro da competencia exclusiva que a Comunidade Autónoma de Galicia ten sobre o fomento e a planificación económica no seu territorio. Segundo o lexislador galego, dita lei enmárcase nunha estratexia legal que ten como obxectivo a mellora do desenvolvemento económico e o crecemento da ocupación e o emprego de calidade.

Para acadar a súa finalidade a norma contempla, fundamentalmente, medidas de carácter administrativo aplicables ao desenvolvemento de chan empresarial, ao fomento de iniciativas empresariais que precisen de autorizacións ambientais e, como colofón, de incentivos e promoción fiscal para a implantación de iniciativas empresarias. Non obstante, cunha técnica lexislativa criticable, a Lei ten sido acompañada dunha morea de Disposicións finais nas que se regulan cuestións variadas, moitas en relación coa materia propia da norma (explotacións de enerxía eólica, eléctricas, de distribución ao por menor de produtos petrolíferos, a lei de montes e a regulación de explotacións mineiras) pero outras sen moita conexión. Así, por exemplo, aproveitase a norma para variar o réxime xurídico das vivendas dedicadas a aluguer turístico e o réxime das Cooperativas cunha novidade normativa que figura na Disposición final primeira da Lei que modifica a Lei 5/1998 de Cooperativas de Galicia.

II

Seguindo o esquema legal, compre subliñar ordenadamente as principais medidas que en cada unha das cuestións reguladas, contempla a Lei 5/2017.

O título preliminar define o ámbito de aplicación da norma así como os principios básicos que orientan o fomento das iniciativas empresariais en Galicia (art. 3). Principios que, por xenéricos, resultan vacuos e sobre todo semellan conculcados en coñecidas iniciativas empresariais con amplo impacto medioambiental (en concreto: sector da enerxía eléctrica e minería). Tras esta idea o lexislador define as competencias administrativas que cada Consellería posúe nesta materia así como o rol que xogan os Concellos (art. 4 a 7). Neste punto, debemos resaltar que si ben a promoción das medidas contidas na norma parece pivotar sobre a Consellería de Economía e a Consellería de infraestruturas e vivenda, o papel

da consellería con competencias sobre avaliación e reforma administrativa (entendemos que a Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza) resulta crucial para un correcto desenvolvemento da norma. Neste punto, non hai que esquecer que unha das principais demandas dos operadores xurídicos e que, ademais da simplificación administrativa dos trámites relativos a iniciativas empresariais, estes podan realizarse ante un único órgano evitando a dispersión de trámites.

No título primeiro trátase o réxime xurídico do chan empresarial. No que atinxe a esta materia, o principal obxectivo declarado polo lexislador é dotar de axilidade ao desenvolvemento do mesmo. Para iso contéplanse medidas específicas de simplificación dos procedementos e solucións para adaptar de forma axeitada a oferta e a demanda real de chan empresarial. En particular, permítese, con matices, a execución e utilización por fases dos proxectos sectoriais de chan empresarial de iniciativa pública (art. 10), crease o censo de chan empresarial de Galicia (art. 12) e contéplanse medidas específicas de apoio aos Concellos no desenvolvemento de chan empresarial vía Instituto Galego de Vivenda e solo. A continuación, en sendos capítulos, regúlase o acceso ao chan empresarial e a xestión das áreas empresariais, introducindo neste último punto especificidades en canto ao mantemento e conservación de tales superficies (art.19), solución legal lóxica tendo en conta o estado de abandono que sofren moitas destas áreas unha vez construídas e antes de seren ocupadas. O título primeiro péchase co capítulo dedicado ao réxime sancionador. Chama a atención a contía das multas, sobre todo pola falta de inscrición no Censo antes citado (art. 22).

No que se refire a mellora normativa para o fomento da implantación de iniciativas empresariais, o título II ten una clara vocación administrativista baseada, fundamentalmente, na tramitación ambiental dos proxectos. Con clara (e optimista) vocación de axilizar o que posiblemente é o trámite mais complexo para unha industria, o lexislador reforza medidas como a tramitación ambiental conxunta (art. 27), a coordinación da autorización integrada con procedementos de avaliación ambiental (arts. 31 e ss), e a simplificación de determinados procedementos (fundamentalmente ligados ao sector eléctrico).

Para concluír, a norma dedica dous artigos (art. 40 e 41) aos denominados incentivos para el fomento de la implantación de iniciativas empresariais, que será desenvolvido polo oportuno regulamento.

III

Con todo, e como avanzamos, a novidade no que atinxe ao réxime das Cooperativas ven establecida na Disposición final primeira da Lei 5/2017 aquí anotada. Por medio da mesma, modifícanse varios artigos da Lei 5/1998. En particular, modifícase o artigo 7 desta norma, co fin de permitir a constitución de coopera-

tivas de primeiro grao por dúas persoas, sen computar a estes efectos as persoas socias a proba, excedentes e colaboradoras. Nesta liña, tamén nesta (DF primeira, en concreto no seu apto. Seis) se modifica o art. 104.1 da Lei de Cooperativas no número de persoas socias necesarias para constituír e funcionar as cooperativas de traballo asociado que pasarían de tres a dúas; e o art. 141.2, b) no que se pasa tamén como mínimo a dúas persoas socias as que terán que comparecer no trámite de audiencia no procedemento de descualificación da cooperativa en caso de non existir órgano de administración.

Estas variacións puntuais en canto a número de persoas socias, complétanse coa adición dun novo artigo na Lei 5/1998 (o art. 7 bis) que ten por obxectivo establecer o réxime das cooperativas de dúas persoas socias. O novo artigo prevé medidas que afectan á disciplina dos órganos sociais. En concreto, as maiorías necesarias para os acordos sociais, que requiren o voto favorable das dúas persoas socias; a posibilidade de constituír Consello Reitor con solo dous membros; e que non precisan de constituír ningún outro órgano. Tamén regúlanse aspectos propios do réxime económico. Contéplase que o importe das aportacións de cada unha das dúas persoas socias ao capital social non poderá pasar o 50% do mesmo; e que cando transcorran 5 anos con dúas persoas socias, a partir do seguinte exercicio, terase que facer unha dotación adicional á reserva obrigatoria do 2,5 % da súa cifra de negocios anual.

No obstante, a modificación operada na Lei 5/1998 tamén afecta a outras cuestións. En particular refórmanse aqueles artigos que fan referencia ao Rexistro central de cooperativas. Así, modifícanse o art. 10.3 no que se disciplina á creación de seccións de crédito nas cooperativas, o artigo 97.1 no que se varía a estruturación anterior que dividía entre Rexistro central e Rexistros provinciais, e derróganse os artigos 97.4 e 98.2 por canto nos mesmos establecíanse as competencias do anteriormente denominado rexistro central. Enténdese, pois, que tales competencias son asumidas polo Rexistro de cooperativas. Seguindo esta liña, de adaptación a nova estrutura do rexistro, modifícanse aqueles artigos referentes as las unións, federacións o confederacións de cooperativas no que atinxe a súa inscrición rexistral. Por exemplo, varíanse os seguintes preceptos: o art. 134.2 no que alen diso tamén se incorpora unha mellora técnica na numeración dos seus apartados (pasando de ordinais a letras) para facela uniforme co resto dos apartados do citado artigo; e os artigos 134.3 e 136.2 prescindindo da xa citada mención ao rexistro central de cooperativas. Tamén se modifica o art. 139.5, a) eliminando as referencias aos rexistros provinciais de cooperativas.

Finalmente, na Disposición final decimoquinta autorízase a que nun prazo de 1 ano desde a entrada en vigor da Lei 5/2017 se aprobe un decreto lexislativo que refunda a Lei 5/1998 coas súas modificacións e os preceptos previstos nesta lei. Compre resaltar que este prazo compútase desde a súa entrada en vigor trala publicación no DOGA. E dicir, a tarefa de refundición debería facerse antes do

26 de outubro de 2018. Alén diso esta refundición tamén debería ir acompañada da modificación do Decreto 430/2001, de 18 de decembro polo que se aproba o Regulamento do Rexistro de Cooperativas de Galicia, debido as citadas modificacións introducidas na estrutura do rexistro pola norma aquí anotada.